



CURRICULO DE RELIXIÓN E MORAL CATÓLICA DE 1º CICLO DA ESO

OBXECTIVOS

Ao finalizar a Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- a) Situar-se ante a dignidade da persoa humana pola súa orixe, a súa transcendencia e a súa finalidade, e descubrir os elementos do feito relixioso e as súas distintas manifestacións na historia e na vida dos pobos, que responde as súas grandes preguntas sobre a existencia.
- b) Analizar os interrogantes profundos do ser humano (vida, morte, dor) para valorar as respostas que a fe cristiá dá sobre o sentido da vida.
- c) Coñecer os documentos fundamentais da fe católica, que contén a mensaxe cristiá, para comprender e expresar adecuadamente esta mensaxe revelada e as súas formulacións de fe.
- d) Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación adecuada en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.
- e) Identificar Xesucristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e a análise da súa mensaxe, vida e presenza polo Espírito Santo na Igrexa.
- f) Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.
- g) Interpretar o significado dos signos e símbolos relixiosos máis relevantes, con especial atención aos sacramentos e ás celebracións relixiosas máis estendidas no contorno social e relixioso, evitando a discriminación por crenzas relixiosas.
- h) Descubrir os fundamentos racionais e da revelación que xustifican a ensinanza moral da Igrexa e orientan os hábitos sociais relacionados coa vida, a saúde, a sexualidade, o amor, o uso e consumo de bens e o medio ambiente.
- i) Descubrir e analizar o fondo significado con que se ordenan a convivencia e as formas de organización social: a tolerancia activa, a solidariedade, liberdade, xustiza, participación, responsabilidade, diálogo interrelixioso, sinalando a orixe cristiá.
- j) Aprender a ordenar de forma xerárquica os valores, actitudes e normas que conforman o ser cristián en orde a tomar opcións que poidan dar sentido á súa propia vida.
- k) Aprender a emitir xuízos que desenvolven a formación da conciencia moral, tendo en conta os principios fundamentais da moral cristiá, o dereito á liberdade e a responsabilidade, aplicándoos á pluralidade de opcións presentes nos medios de comunicación e nas realidades sociais, económicas e políticas do seu contorno.
- l) Coñecer, valorar e respectar o patrimonio relixioso, artístico e cultural a través da linguaxe simbólica e icónica da arquitectura, pintura, literatura, música e liturxia, como expresión das grandes etapas da historia da Igrexa e da cultura do seu contorno.

CONTIDOS

1. O ser humano creado por Deus. Complexidade e riqueza do ser humano. Unidade, corpo e espírito, intelixencia, amor, conciencia moral, liberdade, índole comunitaria e social.

2. Ordenación da actividade humana ao ben da creación. Valoración do traballo como medio de realización. Participación activa e responsable no traballo persoal e colectivo.
3. Deformación da actividade humana polo pecado e a súa rectificación e perfeccionamento en Cristo.
4. A experiencia relixiosa como realidade antropolóxica. As grandes preguntas do home onde se enraíza o relixioso. O feito relixioso e a súa linguaxe.
5. A revelación de Deus nos acontecementos e palabras testemuñadas pola Sagrada Escritura.
6. Deus revélase en Xesucristo. A salvación e a redención de Xesucristo.
7. O centro da Mensaxe de Xesús. O reino de Deus.
8. A confesión de fe en Xesús como Cristo e Señor: verdadeiro Deus e verdadeiro home. Sentido e significado dalgúns nomes de cristo, o Fillo de Deus, o Mesías, o Señor.
9. A confesión de fe na Encarnación, Morte e Resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás. A presenza de María no Misterio de Cristo.
10. A Igrexa sacramento universal de salvación, continúa a obra de Xesucristo, animada polo Espírito Santo.
11. Sentido e responsabilidade dos membros do Pobo de Deus.
12. Orixe, finalidade e sentido dos sacramentos.
13. A graza de Deus a través dos sacramentos. Relacións entre os diversos sacramentos e a vida humana. O compromiso.
14. Os sacramentos de curación e os sacramentos ao servizo da comunidade.
15. A liturxia como expresión da relación de Deus connosco e de nós con El. Orixe e actualidade. O valor da oración. Valoración e respecto.
16. O Home novo que xorde de Xesucristo. A vida como proxecto persoal. A dignidade da persoa. A persoa humana principal preocupación da Igrexa.
17. Fundamentos da dimensión moral. Identificación e relación entre causa e efectos do acto moral. A persoa dotada de liberdade. A persoa ante Deus. A persoa ante o amor aos homes.
18. Moral das relacións do home con Deus. 1º, 2º, 3º mandamentos.
19. Moral da vida humana e próbemas que presenta no momento actual. Manipulación xenética, o aborto, a eutanasia, a lexítima defensa, pena de morte, experimentación co ser humano, drogas, alcolismo.
20. Sentido e finalidade básica da sexualidade. Valor integrador da sexualidade como don de Deus. Respecto e valoración de ambos os sexos.
21. Moral do matrimonio e da convivencia familiar. Responsabilidade educativa da familia. O divorcio e os seus problemas.
22. Moral en relación coa verdade e a autenticidade persoal. A súa presenza nos medios de comunicación.
23. Dimensión comunitaria –social e pública- da fe cristiá. Signos de compromiso cristián no noso tempo. Solidariedade nas prácticas relixiosas do Islam e Xudaísmo. A convivencia, a xustiza e a paz.
24. A cultura e a liberdade. Prevención da intolerancia e do racismo. Capacidade crítica ante os contravalores da sociedade.
25. Colaboración dos cristiáns con outras relixións e institucións na construción da cidade terrestre. Movementos mundiais en que participa a Igrexa Católica. A idade global.
26. Deus promete un ceo novo e nunha terra nova. A civilización do amor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Saber expresar os principais elementos da mensaxe de Deus creador e salvador da humanidade a través dos principais acontecementos da Biblia.
2. Describir os puntos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo con outras cosmovisións, humanismos e sistemas de interpretación da vida.
3. Saber relacionar as respostas que o Islam, o xudaísmo e o cristianismo dan aos problemas básicos do ser humano, identificando a orixinalidade propia do Cristianismo.

4. Situar a mensaxe do reino de Deus nos milagres, parábolas e discurso de Xesús.
5. Resumir os puntos esenciais que constitúen a obra salvadora de Xesucristo a través da súa morte e Resurrección.
6. Identificar as ideas esenciais sobre a igrexa Pobo de Deus e Sacramento de Salvación nalgúns textos da Biblia e do Maxisterio.
7. Describir a orixe e sentido dos sacramentos como don de Deus que obra a través da Igrexa.
8. Valorar as celebracións, signos e símbolos relixiosos da Igrexa Católica, a súa arte, a súa achega á cultura e o seu servizo á sociedade e á fe dos pobos.
9. Saber identificar os principios morais que emanan do cristianismo e que fundamenta o ben obrar.
10. Identificar e valorar as actitudes e valores básicos compartidos con outras confesións, a tolerancia activa e a colaboración a prol dos que sofren.
11. Sintetizar a confesión de fe e os valores da primitiva comunidade cristiá.
12. Describir a achega cultural, social e relixiosa da Igrexa a través da historia.
13. Situar os principais problemas da Igrexa en relación coa Evanxelización dos pobos e a responsabilidade dos cristiáns.
14. Coñecer os modelos de vida máis importantes da historia da Igrexa e a súa achega á comunidade cristiá.
15. Fundamentar o sentido e a realidade da esperanza cristiá e a fe na vida eterna.